

Pontevedra, 1 de marzo 2011

COUSAS QUE HAI QUE SABER

Diante da campaña de rumores e descalificacións persoais que algúns representantes das forzas sindicais que xestionan o Comité de Pontevedra veñen desenvolvendo contra as persoas despedidas en aplicación da Reforma Laboral, queremos informar ós traballadores e traballadoras do seguinte:

-A inmensa maioría dos **compañeiros** de traballo de Marcos e Maricruz **apoian** a estes compañeiros, e así o fixeron saber asinando cartas explícitas de apoio.

-No centro de traballo de Marcos en Barcelona, está constituído un Comité de folga propio, unitario e sen siglas; este comité ten un calendario propio a maiores do que establece o Comité de Barcelona, con folgas de 3 horas todos os luns e venres ata que readmitan o seu compañeiro.

-Nese centro de traballo, dun total de 110 traballadores, acudiron á folga máis de 90 traballadores/as, polo que considerando os servizos mínimos, a **participación foi de máis do 95%**.

-A convocatoria da provincia de **Barcelona**, de xornada completa debido a que está directamente afectada, foi feita por **unanimidade do Comité Provincial**; isto quere dicir que votaron a favor CCOO e UGT. A do día 24 foi a folga máis grande desde as mobilizacións da ITP.

-Na provincia de **Madrid**, o comité ten convocado paro de dúas horas para o vindeiro día 3 de marzo, co apoio e o voto de todos os sindicatos, **tamén** CCOO e UGT. Incorporáronse á mobilización despois de que a folga do día 24 tivera éxito, reunindo máis apoio que a folga xeral do 29S.

-Nos comités provinciais de **Guipuzkoa e Bizkaia**, acordouse a convocatoria do pasado día 24 de febreiro por **unanimidade**, cos votos dos delegados que teñen alí CCOO e UGT. Entre eles representantes de UGT no C.I., que no Comité Intercentros votaron en contra das mobilizacións.

-No comité de **Nafarroa**, CCOO abstívose e non se opuxo á convocatoria, aprobada por maioría; o día anterior colocou cartaces chamando á mobilización e participou na folga.

-Os **representantes** provinciais de **Pontevedra** deses mesmos sindicatos negáronse a pedir asembleas na nosa provincia, para poder informar e debater sobre este gravísimo asunto. **Opuxéronse** a calquera tipo de mobilización, dixeron que quedaban á espera, e aí seguen.

-Ao mesmo tempo, eses mesmos representantes colaboran na difusión de toda caste de rumores, todos eles contradictorios co que fan os/as seus compañeiros/as de sindicato en Madrid e Barcelona.

-Como é posible que persoas que están a máis de 500 ou 1000 quilómetros dos feitos, saiban máis ca os compañeiros e compañeiras dos afectados?

-A que se debe que a súa valoración e actitude sexa tan oposta neses lugares e en Pontevedra?

-Por que en Barcelona, en Madrid e en Euskal Herria hai asembleas para contrastar información e avaliar o significado destes despedimentos e na nosa provincia se intente resolver con rumores de patio de luces un asunto tan grave coma a perda do posto de traballo?

Ante a negativa destes representantes a informar, a CIG chama a todos os/as traballadores e traballadoras da provincia a informarse por todos os medios ao seu alcance, a intercambiar opinións e a debater nos centros de traballo, ata conseguir que o Comité Provincial mude a súa actitude, faga algo útil e se poña á fronte desta mobilización tan importante para a garantía de emprego e para o futuro de todos e todas.

MARICRUZ E MARCOS READMISIÓN!
EN DEFENSA DO EMPREGO EN TELEFÓNICA
CONTRA A PRECARIZACIÓN E A INDIVIDUALIZACIÓN
DAS RELACIÓNS LABORAIS